

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN COMITÉ CIUDADÁN ANTISIDA DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO COLECTIVO LGTBI (LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS)

MEMORIA EXPLICATIVA

De acordo co previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, creouse a Consellería de Política Social e Igualdade e no seu desenvolvemento, aprobouse o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, como órgano de dirección da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a eliminación da violencia de xénero. Así mesmo, tamén lle corresponde establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións, e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como a igualdade de trato e a non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

O artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais establece que *"os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero"*.



Dende o ano 2016, a Xunta de Galicia asina convenios de colaboración con asociacións, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas que teñen como principal obxectivo a defensa e promoción dos dereitos das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.

Para os efectos sinalados, propónse formalizar coa asociación Comité Cidadán Antisida da Coruña - CASCO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

O papel destas asociacións é clave tanto polo que supón traballar para garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, como por fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade ás accións, programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

A asociación Comité Cidadán Antisida da Coruña – CASCO é unha entidade sen ánimo de lucro, legalmente constituída, inscrita no RUEPSS, que forma parte do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Observatorio LGBTIQ+). O principal obxectivo desta entidade segundo o artigo 2 dos seus estatutos é a defensa dos dereitos das persoas LGTBI.

As características das actividades que ofrece o proxecto, así como o colectivo ao que van dirixidas esas actividades e a ausencia no ámbito territorial de entidades alternativas que dispoñan de infraestrutura material e medios humanos e técnicos amplamente cualificados, son razóns que xustifican o apoio económico necesario para acadar os fins sinalados, para realizar actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.



Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, ten competencias para establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, polo que estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa asociación Comité Cidadán Antisida da Coruña – CASCO, para o financiamento das accións sinaladas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora xeral de Promoción da Igualdade
María Quintiana Pérez

